

**PROGRAMACIÓN DOCENTE DE PIANO APLICADO Á COMPOSICIÓN I – II**
**CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA**
**TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)**
**CURSO 2024/2025**

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN												
DISCIPLINA: <i>PIANO APLICADO Á COMPOSICIÓN I-II (1º e 2º Cuadrimestre)</i>												
ESPECIALIDADE	COMPOSICIÓN								ITINERARIO		COMPOSICIÓN	
CARÁCTER	OBRIGATORIA ESPECÍFICA								TIPO DE CLASE		INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO	IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO								XEFA DE DPTO.		PABLO SABIO LADRA	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR DA DISCIPLINA		TOMÁS SÁNCHEZ SÁNCHEZ				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:		1 hora	
ECTS/CUAD.	3	3							Observacións:			
DOCENTES:	NOME E APELIDOS								EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA	
	TOMÁS SÁNCHEZ SÁNCHEZ								tomassanchezxunta@gmail.com		Mércores 12:30 – 13:00 Venres: 10:00 – 10:30	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento dos principios básicos da técnica pianística, da capacidade de lectura á primeira vista e transposición, da improvisación e da comprensión dos elementos e procedementos construtivos (estruturas harmónicas, procesos formais, etc.). Traballo dun repertorio de diferentes estilos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes ao nivel profesional da materia: Piano Complementario
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	O estudo do Piano Aplicado debe verse como unha disciplina que engloba materias como son Análise, Formación e adestramento auditivo e vocal, Composición, Redución de partituras, Improvisación e acompañamento. A disciplina está deseñada para que sexa unha ferramenta para o docente e compositor/a. Creada cun carácter eminentemente práctico e funcional para o futuro musical, introducíndolle na audición e práctica polifónica, así como na análise e no desenvolvemento de estruturas harmónicas. As diferentes disciplinas reúnen certas características comúns, cuxo coñecemento e práctica son esenciais para a formación musical, e o Piano Aplicado ten a virtude de facer este percorrido transversal ao longo delas.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T: 1, 3, 6, 13.
COMPETENCIAS XERAIS:	X: 1, 2, 3, 4, 6, 8, 10, 13, 17, 21, 22, 24.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC: 1, 9.
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Desenvolver unha técnica pianística básica para conseguir unha relaxación fisiolóxica e mental que permita a comprensión e realización das ideas musicais no teclado, empregando as posibilidades sonoras do instrumento.	TODAS
2. Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista, o transporte e a redución/simplificación de partituras, a través da aplicación da análise.	T: 3, 13, X: 1, 2, 3, 4, 6, 8, 13, 17, 21, 24, EC: 1, 9.
3. Dominar estruturas harmónicas básicas frecuentemente utilizadas.	T: 3, 13, X: 1, 4, 13, 17, EC: 1.
4. Analizar harmonicamente partituras sabendo extraer delas os elementos básicos e establecer solucións paralelas ás da autoría.	T: 3, 13, X: 1, 2, 4, 8, 13, 17, 21, 22, 24, EC: 1, 9.
5. Crear motivos melódicos desenvolvidos de acordo os procesos de pregunta-resposta e adaptación por transporte e enlace de estruturas harmónicas básicas.	T: 3, 13, X: 2, 22, EC: 1.
6. Desenvolver a creatividade rítmica, melódica e harmónica. Improvisando o teclado por medio de estruturas harmónicas cada vez máis desenvolvidas, e aplicando todos os coñecementos estudados.	T: 3, 13, X: 1, 2, 3, 4, 6, 8, 13, 17, 21, 24, EC: 1, 9.
7. Saber realizar distintos tipos de acompañamentos desenvolvendo unha estrutura harmónica dentro dun discurso musical, aplicando todos os medios técnicos aprendidos, do xeito máis evolucionado posible e co estilo que se traballe.	T: 3, 6, 13, X: 1, 2, 4, 13, 21, 22, EC: 1, 9.

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN (1º Cuadrimestre)		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
Tema 1	1.1. Funcionamento e mecanismo xeral, escape, pedais. 1.2. Acústica e sonoridade. 1.3. Aspectos posturais e relaxación. 1.4. Técnica dixital e braquial. 1.5. Paso do polgar. Escalas e arpexios. 1.6. Notas dobres, técnica polifónica básica. 1.7. Articulación. Dinámica. Tipos e ataques relacionados. 1.8. Dixitación. Musical e fisiolóxica. 1.9. Pedalización.	2
Tema 2	2.1. Análise formal. 2.2. Análise harmónico. 2.3. Análise melódico.	2
Tema 3	3.1. Os estilos na literatura pianística. 3.2. A memoria na interpretación pianística.	2
Tema 4	4.1. A lectura a primeira vista. 4.2. O transporte a través das estruturas harmónicas.	2
Tema 5	5.1. Creatividade harmónica. 5.1.1. Enlace de acordes. 5.1.2. Estructuras harmónicas Tonalidades maiores e menores ata mínimo 2 alteracións, graos I-II-III-IV-V-V7-VI-VII- V do V. 5.1.3. Cadencias: perfecta, pragal e semi-cadencia. 5.2. Creatividade melódica. 5.2.1. Creación de melodías (Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace ou transporte). 5.2.2. Célula, motivo, semifrase, frase. 5.2.3. Emprego de notas reais do acorde. 5.3. Acompañamento. 5.3.1. Harmonización de melodías clásicas, populares ou de música lixeira (melodía acompañada). 5.3.2. Utilización do cifrado americano. 5.3.3. Acompañamentos básicos con patróns rítmicos. 5.3.4. Acompañamento a dúas mans interpretando con man esquerda a fundamental e na man dereita acordes en diferentes posición con patróns rítmicos de dificultade crecente. 5.3.5. Melodía na man dereita e acordes na esquerda.	6
Tema 6	6.1. Repaso, afianzamento e cuestións que poidan xurdir sobre os contidos traballados.	2
<b>TOTAL SESIÓNS:</b>		<b>16</b>

<b>4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN (2º Cuadrimestre)</b>		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
Tema 1	1.1. Funcionamento e mecanismo xeral, escape, pedais. 1.1. Acústica e sonoridade. 1.2. Aspectos posturais e relaxación. 1.3. Técnica dixital e braquial. 1.4. Paso do polgar. Escalas e arpexios. 1.5. Notas dobres, técnica polifónica básica. 1.6. Articulación. Dinámica. Tipos e ataques relacionados. 1.7. Dixitación. Musical e fisiolóxica. 1.8. Pedalización.	6
Tema 2	2.1. Análise formal. 2.2. Análise harmónico. 2.3. Análise melódico.	2
Tema 3	3.1. Os estilos na literatura pianística. 3.2. A memoria na interpretación pianística.	2
Tema 4	4.1. A lectura a primeira vista. 4.2. O transporte a través das estruturas harmónicas. 4.3. Iniciación o baixo cifrado.	2
Tema 5	5.1. Creatividade harmónica. 5.1.1. Enlace de acordes. 5.1.2. Estructuras harmónicas Tonalidades maiores e menores ata mínimo 3 alteracións, graos I-II-III-IV-V-V7-VI-VII- V do V. Resto de sétimas. 5.1.3. Cadencias: perfecta, pragal e semi-cadencia. 5.2. Creatividade melódica. 5.2.1. Creación de melodías (Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace ou transporte). 5.2.2. Célula, motivo, semifrase, frase. 5.2.3. Emprego de notas reais e estrañas ao acorde (notas de paso e floreos). 5.3. Acompañamento. 5.3.1. Harmonización de melodías clásicas, populares ou de música lixeira (melodía acompañada). 5.3.2. Utilización do cifrado americano. 5.3.3. Acompañamentos básicos con patróns rítmicos. 5.3.4. Acompañamento a dúas mans interpretando con man esquerda a fundamental e na man dereita acordes en diferentes posición con patróns rítmicos de dificultade crecente. 5.3.5. Melodía na man dereita e acordes na esquerda.	
Tema 6	6.1. Repaso, afianzamento e cuestións que poidan xurdir sobre os contidos traballados.	
<b>TOTAL SESIÓNS:</b>		<b>16</b>

<b>5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE (1º Cuadrimestre)</b>			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias	1	-	1
Práctica na aula	14	-	14
Práctica individual	-	70	70
Actividades complementarias	-	2	2
Titorías individuais e de grupo	-	2	2
Actividades de avaliación: probas e revisión de probas	1		1
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>90</b>

<b>5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE (2º Cuadrimestre)</b>			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introductorias	1	-	1
Práctica na aula	14	-	14
Práctica individual	-	70	70
Actividades complementarias	-	2	2
Titorías individuais e de grupo	-	2	2
Actividades de avaliación: probas e revisión de probas	1		1
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>90</b>

<b>6. AVALIACIÓN</b>			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Práctica de aula e asistencia.	Amosar na aula unha boa actitude e unha capacidade de aprendizaxe progresiva como resultado da optimización do rendemento da práctica individual.	Todas	20%
Interpretación.	Interpretar ó piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución, mantendo unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1).	Todas	20%
Lectura a vista e transporte.	Seguimento diario do traballo da lectura a primeira vista e transporte sobre pezas de dificultade crecente, de épocas e estilos diferentes, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos traballados, amosando autonomía e solvencia na lectura de fragmentos e obras (Obxectivos 2, 3 e 4).	T: 3, 13, X: 1, 2, 3, 4, 6, 8, 13, 17, 21, 22, 24, EC: 1, 9.	20%
Creatividade acompañamento.	Seguimento diario sobre a área creativa no eido do acompañamento aplicando os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente (Obxectivos 3, 6 e 7).	T: 3, 6, 13, X: 1, 2, 4, 13, 17, 21, 22, EC: 1, 9.	20%
Creatividade improvisación.	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna. (Obxectivos 4, 5, 6 e 7).	T: 3, 6, 13, X: 1, 2, 4, 13, 21, 22, EC: 1, 9.	20%

**Observacións:**

Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.

O tipo de contidos desta materia fai imposible na maioría dos casos a organización deles en sesións illadas e perfectamente delimitadas. A materia, eminentemente práctica, é de carácter tanto acumulativo como continuado e depende en gran medida da particularidade de cada alumnado, pois hai grandes diferenzas en canto a velocidade de aprendizaxe e asimilación dos contidos. Unha vez estudados estes repítense unha e outra vez ao longo de todo o cuadrimestre, non quedando relegados só á sesión onde se introduciu. O repertorio por curso incluírá as pezas ou fragmentos de diferentes estilos necesarios para traballar os contidos propostos. No caso da avaliación continua, se avalía e cualifica cada unha das clases para obter a cualificación final en base ás porcentaxes indicadas tendo en conta avaliación sumativa final e o proceso de aprendizaxe.

**SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:**

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 21 de novembro de 2016, Artigo 31)

0-4,9: Suspenso

5,0-6,9: Aprobado

7,00-8,9: Notable

9,00-10: Sobresáinte

**PROCEDEMENTO PARA A MATRÍCULA DE HONRA:** A matrícula de honra poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 20% dos estudantes matriculados na materia no correspondente cuadrimestre, agás que o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderá concederse unha

soa matrícula de honra. No caso de que varios alumnos e alumnas atópanse nesta circunstancia, poderán realizar unha proba específica como a proposta para a avaliación alternativa obtendo matrícula de honra o alumnado que obteña a cualificación maior na mesma.			
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
1. Interpretación	Interpretar ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución. Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1).	Todas	25%
2. Repentización.	Realizar un exercicio referente ó tema de Repentización. Amosar autonomía e solvencia na lectura de fragmentos e obras (Obxectivos 2, 3 e 4).	T: 3, 13, X: 1, 2, 3, 4, 6, 8, 13, 17, 21, 22, 24, EC: 1, 9.	25%
3. Acompañamento.	Dada unha estrutura harmónica, improvisar dous acompañamentos en diferentes tonalidades. Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente (Obxectivos 3, 6 e 7).	T: 3, 6, 13, X: 1, 2, 4, 13, 17, 21, 22, EC: 1, 9.	25%
4. Improvisación.	Dado un acompañamento improvisar unha melodía formalmente. Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna. (Obxectivos 4, 5, 6 e 7).	T: 3, 6, 13, X: 1, 2, 4, 13, 21, 22, EC: 1, 9.	25%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b> *(Alumnado que supere as 3 faltas por cuadrimestre, establecidas no centro, aprobadas en consello escolar)			
1. Interpretación	Interpretar ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución. Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1).	Todas	25%
2. Repentización.	Realizar un exercicio referente ó tema de Repentización. Amosar autonomía e solvencia na lectura de fragmentos e obras (Obxectivos 2, 3 e 4).	T: 3, 13, X: 1, 2, 3, 4, 6, 8, 13, 17, 21, 22, 24, EC: 1, 9.	25%
3. Acompañamento.	Dada unha estrutura harmónica, improvisar dous acompañamentos en diferentes tonalidades. Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente (Obxectivos 3, 6 e 7).	T: 3, 6, 13, X: 1, 2, 4, 13, 17, 21, 22, EC: 1, 9.	25%
4. Improvisación.	Dado un acompañamento improvisar unha melodía formalmente. Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna. (Obxectivos 4, 5, 6 e 7).	T: 3, 6, 13, X: 1, 2, 4, 13, 21, 22, EC: 1, 9.	25%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (Xuño-Xullo)</b>			
1. Interpretación	Interpretar ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución. Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais. (Obxectivo 1).	Todas	25%
2. Repentización.	Realizar un exercicio referente ó tema de Repentización. Amosar autonomía e solvencia na lectura de fragmentos e obras (Obxectivos 2, 3 e 4).	T: 3, 13, X: 1, 2, 3, 4, 6, 8, 13, 17, 21, 22, 24, EC: 1, 9.	25%
3. Acompañamento.	Dada unha estrutura harmónica, improvisar dous acompañamentos en diferentes tonalidades. Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos adecuadamente (Obxectivos 3, 6 e 7).	T: 3, 6, 13, X: 1, 2, 4, 13, 17, 21, 22, EC: 1, 9.	25%
4. Improvisación.	Dado un acompañamento improvisar unha melodía formalmente. Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos, así como a escoita interna. (Obxectivos 4, 5, 6 e 7).	T: 3, 6, 13, X: 1, 2, 4, 13, 21, 22, EC: 1, 9.	25%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			



7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>
<p>Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado.</p> <p>Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados dentro do tempo contemplado na programación.</p> <p>Por outra banda, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da consellería, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.</p>	<p>No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da consellería en cada caso.</p>

## 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

### **A. Manuais de consulta:**

- Apellániz Segura, E.; González Sarmiento, F. J.; Molina, Emilio (2006). Piano complementario 2. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Apellániz Segura, E.; González Sarmiento, F. J.; Molina, Emilio (2007). Piano complementario 1. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Asins Arbó, M. (1985) Teoría y Práctica del Bajo Cifrado. Ed. Real Musical.
- Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2010) 22 pequenos preludios. Análisis y metodología de trabajo. Madrid: Enclave Creativa
- Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2008) 15 invenciones a dos voces. Análisis y metodología de trabajo. Madrid: Enclave Creativa.
- Burgmüller por Molina, E.; Molina, C. (2006). 25 estudios fáciles para piano. Op 100. Análisis y metodología de trabajo. Madrid: Enclave Creativa
- López Artiga, A. (1988) Escuela del Bajo Cifrada. Ed. Real Musical.
- Molina, E. (1990). Improvisación al piano. Volúmen 1. Ejercicios fundamentales. Madrid: Real Musical (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E. (1994). Improvisación al piano. Volúmen 2. Desarrollo de estruturas armónicas. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E. (1994). Improvisación al piano. Volúmen 3. Estructures melódicas. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa).
- Molina, E.; Cisneros, J. Doña, I; Rodríguez, J.(2007). Improvisación y acompañamiento. Voúmen 1. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Molina, E.: (2007) Piano complementario, 3. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.
- Molina, E.: (2007) Piano complementario, 4. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L.

### **B. Partituras orientativas:**

- Estudos: Czerny op.299, op. 77 y op.337, op. 365; Jensen op.32, Burgmüller (op. 100,105 e 109), Lemoine op. 37, Cramer, Beyer op.101, Heller (op. 45), Bertini op.29. Op. 32 e op. 100; Diabelli: Estudos melódicos fáciles op. 149.
- Barroco: J. S. Bach: álbum de Ana Magdalena Bach, Invencions e sinfonías, Pequenos preludios e fugas, algunha danza de Suites ou Partitas; Scarlatti: sonatas.
- Clasicismo: Sonatinas de Clementi, Dussek, Kuhlau, Diabelli, Beethoven, Mozart (Seis sonatinas vienesas, 12 Valses), Haydn: Seis sonatinas Opus 36; algún movemento de Sonatas de Mozart (exemplo: Sonata Fácil), ou de Sonatas de Haydn.
- Romanticismo: Álbum Da mocidade, Escenas de nenos e Escenas do bosque de Schumann, Pezas líricas de Grieg, Tchaikovsky: Álbum e a mocidade, As estacións 12 pezas para piano op. 40, Romanzas sen palabras de Mendelssohn, Valses de Brahms, Reger: Recordos de mocidade. Século XX: Bartok: For children e Mikrokosmos; Casella: 11 Pezas infantís; Debussy: Children's corner e Reverie; Kabalevsky: pezas infantís op. 39 e op. 51, Sonatina op. 13, 4 pequenas pezas op. 14; Kodaly: danzas e pequenas pezas; Kachaturian: Pezas para nenos, Estampas de nenos; Prokofiev: 12 Pezas infantís op. 65 e outras pezas breves; Satie: Gymnopedies, Gnossiennes e outras pezas curtas; Smetana: Pezas fáciles; Shostakovich: 6 Pezas infantís; Stravinsky: Valses para nenos e 3 Pezas fáciles.
- Obras españolas: Danzas españolas de Granados; Follas de álbum e 6 pequenos valsos de Albéniz; A. G. Abril: Preludios de Mirambel.
- Obras a 4 mans: Sonatinas de Diabelli; Sonatas de Mozart; Sonatas de C. Ph. E. Bach; A miña nai a oca de Ravel; Danzas húngaras de Brahms; M. Camp Basic Jazz vol. 2; 15 pequenas danzas para piano a 4 mans de Beethoven; Pezas fáciles para piano a 4 mans de distintos autores prebarrocos, barrocos e clásicos arraxadas por Leopold J. Beer; The Joy Piano Duets (melodías clásicas arraxadas para piano a 4 mans), French piano Duets (Debussy, Ravel, Satie), Reduccions de Suites de Bach a 4 mans

## 9. OBSERVACIÓNS

Dado que o numero de semanas non coincide co número de sesións adaptárase cada curso segundo o número e colocación dos festivos e as diversas actividades do centro modificando se fora necesario no propio curso o número de sesións asignadas a cada tema; en ningún caso se incluírán temas deste curso no seguinte.